



Á ALCALDESA – PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA
Á SECRETARÍA XERAL DO PLENO DA CORPORACIÓN DA CORUÑA
Á INTERVENCIÓN XERAL DO CONCELLO DA CORUÑA

María García Gómez, en calidade de voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica,

COMUNICA

Que a **renuncia da alcaldesa a elaborar uns orzamentos municipais para 2021**, decisión que foi comunicada o pasado xoves de xeito unilateral e sorpresivo durante un debate no Pleno da Corporación, non é só unha **irresponsabilidade** no contexto de crise social e económica que atravesamos e unha mostra de **deslealdade** coas forzas políticas que lle outorgamos a nosa confianza na investidura e garantimos a gobernabilidade durante os últimos quince meses. Esta **abdicación do máis elemental deber dun goberno local**, anunciada a día 1 de outubro, a tres meses do remate do exercicio, sen que mediase ningún proceso de diálogo ou negociación e sen que se presentase cando menos un proxecto orzamentario, é ademais **contraria ás obrigas da alcaldesa previstas na normativa que regula as facendas locais**.


Carece de abeiro legal, á vista dos **art. 5, 7 e 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril**, que desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, que a alcaldesa renuncie expresamente a elaborar e remitir un orzamento, informado pola Intervención Xeral do Concello, acompañado dos anexos correspondentes e a documentación complementaria, para a súa consideración polo Pleno, con independencia de cal sexa posteriormente o posicionamento maioritario da Corporación.

Unha cousa é presentar un orzamento excedido o prazo indicado en dito art. 18 e outra ben distinta é que o executivo declare expresamente, a 1 de outubro, que vai incumprir a súa obriga legal, mandato imperativo, contida en ditos preceptos legais, e que os orzamentos de 2020 van ser prorrogados, sine die, para o 2021. Ben debería saber a alcaldesa que **a obriga de fomulación dos orzamentos anuais non é unha decisión discrecional, a criterio de oportunidade do goberno municipal, senón unha esixencia legal indispoñible**.

O recente anuncio do Goberno do Estado respecto da regra de gasto e do destino do remanente en nada afecta á obriga e mandato legal de formulación, presentación e tramitación do orzamento, constituíndo unha **evidente fraude argumental, política e legal** pretender ampararse neste anuncio para eludir a esixencia de formulación e presentación a trámite dun orzamento para o 2021.

Polo todo o anterior, a vontade da alcaldesa, expresada onte, primeiro a través do portavoz do goberno municipal e despois en nota oficial de prensa, non só é insólita, senón que **carece de fundamento legal**. Ante as prevencións que isto provoca no Grupo Municipal da Marea Atlántica, non xa políticas, senón de legalidade, envíase copia deste escrito á Secretaría Xeral do Pleno e á Intervención Xeral do Concello da Coruña. **Instamos por último á alcaldesa a reconsiderar a súa decisión e propoñer, á maior urxencia, un proxecto orzamentario para 2021.**

A Coruña, a 5 de outubro de 2020

A handwritten signature in blue ink, consisting of a stylized, cursive script that is difficult to decipher but appears to be the name of the signatory.

María García Gómez
Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica